

## **VIII MEDIA MARATÓN SOLIDARIA ZONA ABERTA, a favor de Fundación Andrea (de apoio a los niños con enfermedades de larga duración, crónicas o terminales), Vilagarcía de Arousa**

### **INFORMACIÓN BÁSICA**

Data: Domingo, 24 de novembro de 2019

Hora: 10:30h

Lugar: Av da Mariña, na explanada do auditorio, en Vilagarcía de Arousa.

Distancia: 21.097m homologados.

Inscripción: Champion Chip Norte [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ou no comercio Moto Bazar. **“As primeiras 1000 inscricións terán dereito a unha camiseta”.**

Organiza: Centro Comercial Aberto Zona Aberta de Vilagarcía de Arousa.

Colabora: Concello de Vilagarcía de Arousa e o clube ATENAS RUNNING VDA.

### **REGULAMENTO XERAL**

O Centro Comercial Aberto, Zona Aberta, de Vilagarcía de Arousa organiza, coa colaboración do Concello e o clube ATENAS RUNNING VDA, **o domingo día 24 de novembro de 2019**, a partir das 10:30 horas, a **“VIII Media Maratón Solidara Zona Aberta, Vilagarcía de Arousa, a favor de Fundación Andrea”**

#### **1.- Horario e Lugar:**

A saída darase da Av. Rivero Aguilar ás 10:30 horas e a carpa organizativa estará situada na explanada do auditorio municipal.

#### **2.- Participantes:**

Poderán participar todas aquelas persoas que teñan cumpridos 18 anos o día da proba, estén federadas ou non, habendo unha única clasificación conxunta. **O control da carreira estará a cargo do comité de Xuíces e cronometradores.**

Os participantes deben cumprir as condicións de participación e inscrición propostas pola organización.

#### **3.- Condicións de participación:**

As persoas participantes comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas á vontade da ganización.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que aquí se expoñen:

- O participante certifica que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.

- Exime de toda responsabilidade á organización que puidera derivar da súa participación no evento (Ex: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, perigo de lesión, atropelos, agresións,...).

- Autoriza á organización para que trate automaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial a utilización dos seus datos persoais e a súa imaxe en publicacións, carteis, clasificacións,.... para a promoción do evento. De acordo co que se establece na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, da Protección de Datos de Carácter Persoal, o participante ten dereito de acceder a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de xeito total ou parcial o seu contido. Para facelo deberá solicitalo por escrito ó domicilio social C/ Gumersindo Nartallo, 13 entresuelto C.P. 36.600 Vilagarcía de Arousa ou mediante correo electrónico a [zonaaberta@zonaaberta.com](mailto:zonaaberta@zonaaberta.com).

A Organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, aceptárase o que dispoña a organización.

#### **4.- Inscricións:**

A inscrición para todas as categorías farase a través da web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ou no comercio Moto Bazar (C/ Arzobispo Andrade nº 5 y telf. contacto 986501644) ata as 23:59 horas do **21 de novembro de 2019** (no comercio ata o seu horario comercial). Non se admitirán inscricións fóra dese prazo.

O precio da inscrición será de **ata o 17 de novembro (12€ propietarios de chip e 13€ os que non teñen chip) e do 18 ó 21 de novembro (15€ propietarios de chip e 16€ os que non teñen chip)**, data na que finaliza o período de inscrición.

A inscrición da carreira é persoal e intransferible. Baixo ningún concepto, unha vez feita a inscrición, poderase transferir a participación a outra persoa, amigo ou familiar por mor de non poder acudir o día da proba.

So se accederá á devolución do 50% pagado na inscrición no caso de lesión ou enfermidade, presentándose sempre un certificado médico á organización antes do día 23 de novembro de 2019. No caso contrario non se fará o reembolso.

Para calquer información adicional poderán chamar ó teléfono 986 50 76 93-607142288 ou enviar un mail a [zonaaberta@zonaaberta.com](mailto:zonaaberta@zonaaberta.com).

Toda aquela persoa que corra sen estar inscrita, faino baixo a súa responsabilidade e non estarán cubertas pola Organización. Se é advertida a súa presenza se lle instará a abandonar o circuito

#### **5.- Entrega de dorsais e chips:**

Farase o mesmo día da proba, na explanada do auditorio dende as 8:30 a.m. ata 30 minutos antes da proba.

Os dorsais son persoais e intransferibles. Será válido levalo en calquera parte do corpo sempre que sexa visible frontalmente. Non se descalificará a ningún corredor por levalo no portadorsais, perna ou barriga.

#### **6.- Percorrido:**

O circuito está homologado pola R.F.E.A. e ten unha lonxitude total de 21.097 metros, sendo urbano, asfaltado e pechado ó tráfico. Cada kilómetro sinalárase visualmente.

Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización. Por cuestións de seguridade queda totalmente prohibido o seguimento ós corredores en bicicleta, moto ou calquer outro vehículo. A policía local e a organización da proba os retirarán do circuito para evitar incidentes.

Tempo límite de entrada en meta: 2h e 45 minutos.

#### **7.- Avituallamento:**

Haberá un mínimo de 3 puntos de avituallamento líquido na carreira.

Ademais dun líquido e sólido ao remate da proba.

#### **8.- Categorías:**

Establécense as seguintes categorías para homes e mulleres:

☑ Senior ter 18 a 34 anos cumpridos o día da proba.

☑ Veterana/o A ter 35 a 44 anos cumpridos o día da proba.

☑ Veterana/o B ter 45 a 54 anos cumpridos o día da proba.

☑ Veterana/o C ter 55 ou máis anos cumpridos o día da proba.

É preciso que haxa como mínimo 3 participantes do mesmo sexo en cada categoría na línea de saída para a constitución da mesma. Os atletas das categorías non constituídas serán asignados á categoría anterior á que lle corresponda.

#### **9.- Premios:**

Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados da carreira absoluta masculina e feminina así como os tres primeiros clasificados de cada categoría individual. Ademais haberá un trofeo para o primeiro corredor e corredora local (nados ou censados en Vilagarcía de Arousa). **Os trofeos non serán acumulativos.** No caso de que un atleta local poida estar premiado tamén noutra categoría, poderá escoller aquel trofeo que máis lle interese.

Todos os premiados deberán amosar o seu D.N.I. á organización para comprobar os datos da data de nacemento.

A entrega de premios terá lugar no auditorio e comezará ás 12:45.

#### **10.- Retirada do circuito polos servizos médicos**

O servizo médico da competición, ou o Persoal da Organización, están facultados para retirar da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.

#### **11.- Descalificacións:**

Serán descalificados:

- aqueles corredores que alteren os datos facilitados á organización con respecto ós que figuran no seu D.N.I., compitan con máis dun chip o con el de outra persona.
- que non realice o percorrido completo
- que non teña dorsal, que manipule a publicidade do dorsal
- que manifeste un comportamento non deportivo.
- os que compitan acompañados por animais.

-NON se descalificará a ningún atleta polo uso de auriculares para escoitar música.

**12.- Duchas, vestiarios e gardaroupa:**

Haberá servizo de duchas, vestuarios e gardaroupa no auditorio (a carón da saída).

**13.- Servizo de tratamento muscular**

O finalizar a carreira se ofrecerán masaxes para os nosos corredores.

**14.-** Todo o non presente neste regulamento, resolverase co Regulamento da RFEA e a IAAF en vigor.